



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE LA COOPERACIÓN
DESCENTRALIZADA Y LA AGENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN
INTERNACIONAL PARA EL DESARROLLO PARA LA ACTUACIÓN
CONJUNTA Y COORDINADA EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA.**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O artigo 2 da citada Lei enuncia entre os obxectivos da cooperación para o desenvolvemento:

- Atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que requiran da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria coma mediante accións dirixidas á reconstrución e ao restablecemento institucional.

(2) Antecedentes:

O III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, establece como resultado de xestión a necesaria coordinación coa cooperación española e co resto de cooperación autónomas, de cara á mellora da calidade da axuda, para o que define unha liña de acción que fomente a participación activa da comunidade autónoma galega nos espazos e iniciativas de coordinación coa cooperación española. Espazos e iniciativas como a que se abriu coa firma dun Convenio Marco Xeral en outubro de 2013 e que se desenvolveu de xeito específico en materia de acción humanitaria coa sinatura en 2015 do Convenio marco entre a Xunta de Galicia, por medio da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a “Secretaría General de Cooperación Internacional para el Desarrollo” para a



articulación, coordinación e complementariedade en materia de cooperación descentralizada, ao que se lle dará continuidade co presente convenio en tramitación.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración entre a AECID e a cooperación descentralizada para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por **obxecto** regular a colaboración das partes en materia de acción humanitaria, e de maneira específica, o establecemento das finalidades concretas de dita colaboración, así como os compromisos financeiros asumidos polas mesmas.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención das emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa urxente posta en marcha, así como a natureza específica das entidades asinantes, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa, sen concorrência tendo ademais en conta que o presente Convenio ten natureza administrativa de acordo co disposto nos artigos 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.1

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio excluído do ámbito da lexislación en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 4.1.c) do





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto
Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Pilar Romero Rodríguez

Subdirectora xeral de Cooperación Exterior

P.D. do 8 de xuño de 2010 do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

